

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS

- Día: Xoves 10 de novembro de 2022
- Lugar: Sala X3.2 (ETSE) + MS Teams
- Hora de inicio: 12:30 h
- Asistentes: Cristina Díaz Jullien, Julia González Álvarez, Miguel Mauricio Iglesias, María del Carmen Palacios Oubiña, Eva Rodil Rodríguez, Héctor Rodríguez Martínez.
- Escusan a ausencia: Anuska Mosquera Corral, M. Dámaso Rodríguez Fernández, Ana M. Soto Campos.

Orde do día:

1. Intención de realización de modificacións substanciais do título no curso 2022/2023.

1. Intención de realización de modificacións substanciais do título no curso 2022/2023.

Con data 9-11-2022, a Vicerreitoría de Titulacións comunicoulle á Dirección da ETSE que no curso 2022/23 só considerará en principio a adaptación ó R.D. 822/2021 daqueles títulos que teñan que necesariamente acometer modificacións substanciais. Non é o caso do MEQB, pois a nova adscrición a ámbito de coñecemento (en vez de a gran área de coñecemento) non terá a consideración de modificación substancial. Non obstante, por unha serie de razóns (próxima acreditación IChemE, potencial modificación substancial do GrEQ...), ó MEQB pode serlle de interese participar xa neste curso 2022/23 para levar a cabo modificacións de tipo substancial. O carácter extraordinario da presente reunión vén motivado pola urxencia esixida pola Vicerreitoría en comunicarlle o desexo de participación do MEQB nesta adaptación de carácter substancial xa no presente curso (presentando unha xustificación razoada da nosa motivación).

Na liña do anterior, xérase un debate entre os membros da Comisión, acordando fundamentar a xustificación razoada en aspectos como: a integración na nova memoria do troco no número de prazas ofertadas; a revisión da estrutura en módulos, así como das materias que os integran (nome, créditos, contidos...); a conveniencia da modificación parcial da denominación do título; a consideración da incorporación da mención dual; ou axustarse ós novos requirimentos para a re-acreditación pola IChemE. Respecto da necesidade de propoñer as modificacións xa ó longo do curso 2022-2023, enténdese que argumentos xustificativos de peso son que a avaliación por parte da IChemE está prevista para xaneiro de 2024 e que a re-acreditación institucional dos títulos da ETSE pola ACSUG está prevista para xaneiro de 2025, polo que facelo agora evitaría picos de sobrecarga de traballo nos cursos vindeiros. Ademais, o Grao en Enxeñaría Química tamén vai acometer modificacións substanciais este ano, polo que estaría ben desenvolver os procesos de modificación simultaneamente e de xeito coordinado para manter unha óptima complementariedade de ambos títulos.

Queda encargado o Coordinador, co apoio da Directora da ETSE, da elaboración do correspondente escrito motivador, para presentar a aprobación da Comisión Permanente da ETSE antes da súa remisión á Vicerreitoría.

Sendo as 13:00 h, conclúe a reunión.

En Santiago de Compostela, a 10 de novembro de 2022.

Héctor Rodríguez – Coordinador do MEQB